

Concurso de traslados 2020



- Información sobre a convocatoria
- Negociación das vacantes despois de reducirse o profesorado en expectativa de destino un 14%
- Propostas da CIG-Ensino na Mesa Sectorial
- Estudo da CIG-Ensino sobre o profesorado participante e datos sobre a última adxudicación

Datas e prazos de interese

Prazo de participación	Do 5 ao 26 de novembro
Modelo de participación	A través da web da Consellaría. Unha vez impresa a instancia de participación e a de alegación de novos méritos e publicacións (se procede) hai que presentala por rexistro. Pode entregarse na secretaría do centro, que funciona como rexistro só a efectos do CXT.
Vacantes provisionais	A CIG reclamou na Mesa que se coñezan as vacantes no período de participación. A Consellaría aceptou fixar un calendario de negociación das vacantes que non rematará antes do prazo de presentación de instancias.
Resolución provisional	Publícase na web da Consellaría.
Reclamacións e renuncias	10 días hábiles desde o día seguinte á publicación da resolución provisional na web da Consellaría. As reclamacións ao baremo xa se poderán presentar unha vez se vaia facendo público na web da Consellaría.
Vacantes definitivas	A CIG reclamou na Mesa que se coñecesen antes de rematar o prazo de RENUNCIAS e RECLAMACIÓNS.
Resolución definitiva	Publícase na web da Consellaría e no DOG.

A ter en conta...

- O CXT 2020/21 ten carácter estatal. Pode participar nel calquera persoa que estea destinada fóra de Galiza sempre que transcorreran dous anos desde que obtivo destino definitivo no seu ámbito territorial.
- Todo o profesorado sen destino definitivo ten a obriga de participar.
- A CIG-Ensino demandou a convocatoria dos Concursos Específicos de Orientación do corpo de mestres, de prazas para as EPAPU e para os Equipos de Orientación Específicos (EOE). A Consellaría só confirmou a convocatoria do de mestres.



Non queremos un paso atrás: cómpre manter unha ampla oferta de vacantes


Despois do éxito que só se pode cualificar como histórico na negociación de vacantes no concurso de 2018/19, no que a CIG-EnsinO conseguiu que se “levantasen” **máis de 1.800 vacantes dos corpos de secundaria** que durante anos a administración se negara a ofertar, despois de tantos anos de ocultación de prazas **o número de docentes en expectativa reduciuse nun 14%.**

Tamén **no corpo de mestres se cubriron a práctica totalidade das prazas catalogadas**, incorporando dun xeito relevante as prazas de PT e AL, logo dun estudo realizado pola CIG-EnsinO no que se evidenciou un abuso da provisionalidade de moitas prazas durante anos.

No curso pasado a Consellaría cumpriu co compromiso de axustarse ao acordo dos criterios para a oferta de vacantes pactado por iniciativa da CIG-EnsinO e que xa se poden considerar como fixos. Este feito posibilitou que se mantivese unha ampla oferta de prazas mais con evidencias de desigualdades entres as catro provincias polo diferente papel das inspeccións, onde se levaron a cabo as negociacións.

Este concurso 2020/21 vai ser moi diferente no que ao CXT se refire para as prazas de secundaria xa que as prazas creadas para desdobres pola COVID-19 van dificultar o control sobre as **prazas estruturais necesarias**. Polo tanto, á hora de reclamar prazas, tanto desde as direccións como a nivel individual, vai ser fundamental diferenciar as prazas autorizadas extraordinariamente das necesarias nun curso ordinario.

As prazas habilitadas deben ser ofertadas no CXT se teñen garantida a súa continuidade nos centros.



No caso de Infantil e Primaria, a CIG-EnsinO defenderá a oferta no CXT das **240 prazas habilitadas no corpo de mestres** (segundo as contas da Consellaría) para afrontar 144 supostos desdobres e así non superar a ratio de 25 alumnos/as por aula, sempre e cando teñan garantida a súa continuidade nos próximos cursos.

Datas para negociar as vacantes nas Xuntas de Persoal

A CIG-EnsinO solicitou na Mesa Sectorial que se establecera un calendario para a negociación das vacantes similar nas catro provincias. En resposta a esta demanda, o subdirector xeral de Centros e RRHH enviou esta proposta:

- Remisión ás Xuntas de Persoal da proposta de vacantes: **entre o 2 e o 6 de novembro de 2020**
- Prazo para que as organizacións sindicais realicen propostas: **ata o 20 de novembro de 2020**
- Reunión para a revisión das alegacións formuladas: **entre o 7 e o 11 de decembro de 2020**

Criterios para determinar as vacantes a concurso en secundaria

A CIG-Ensino acudirá ás negociacións nas Xuntas de Persoal provinciais velando porque se manteñan os criterios acordados hai dous anos para a convocatoria de prazas definitivas e co obxectivo de que ninguén pase máis de dous anos en expectativa de destino desde que aproba a oposición.

Primeiro. Horario necesario para a oferta de vacantes.

- A primeira vacante ofertarase, con carácter xeral, con 14 horas lectivas, computándose, para estes efectos, as horas de redución por xefatura de departamento.

- A segunda e seguintes vacantes ofertarase sumando ás 14 horas o horario lectivo establecido en 20 horas para o persoal funcionario docente pertencente aos corpos de profesorado de ensino secundario e profesorado técnico de formación profesional, en aplicación da Orde do 4 de xuño de 2012 pola que se modifica o artigo 4 da Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente.

- Poderán ofertarse vacantes cun horario inferior ao establecido nos subepígrafes 1 e 2 nos centros de liña 1 e nos departamentos unipersoais.

- Poderán ofertarse vacantes cun horario inferior ao establecido nos subepígrafes 1 e 2 naquelas especialidades nas que, polo número de horas existentes nos centros, se demore en exceso no tempo a obtención do primeiro destino definitivo polo profesorado en expectativa de destino.

Segundo. Planificación educativa.

As vacantes que se oferten deberán ter o seu funcionamento previsto na planificación xeral educativa.

Terceiro. Cómputo do horario.

De conformidade co establecido no punto anterior, e sempre dentro do

cupo asignado a cada centro, para determinar as horas existentes en cada especialidade computaranse as horas:

- de todas as materias troncais e específicas da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato que se impartan no centro,
- as horas de todas as materias de libre configuración autonómica da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato que se impartan no centro,
- de Valores Éticos da Educación Secundaria Obligatoria,
- do ámbito lingüístico e social dos Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se impartan no centro,
- do ámbito científico e matemático dos Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se impartan no centro,
- do Ámbito de linguas estranxeiras dos Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se impartan no centro,
- dos desdobramentos de grupos que se estean a realizar no centro,
- dos programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas que se estean a realizar no centro,
- do ámbito científico-tecnolóxico das ensinanzas da ESO de adultos,
- do ámbito de comunicación das ensinanzas da ESO de adultos,
- do ámbito social das ensinanzas da ESO de adultos,
- de todas as materias do bacharelato de adultos que se impartan no centro,
- dos módulos profesionais de Comunicación e sociedade da Formación Profesional Básica,
- dos módulos profesionais de Ciencias aplicadas da Formación Profesional Básica,

- da dedución horaria pola Xefatura de Departamento e aquelas que puideran estar atribuídas con carácter permanente a unha especialidade,
- dos módulos profesionais de Formación Profesional Básica,
- dos módulos profesionais da Formación Profesional de Grao Medio e de Grao Superior do réxime ordinario,
- dos módulos profesionais de Formación Profesional de Grao Medio e de Grao Superior do réxime de adultos,
- dos módulos profesionais de Formación Profesional do Grao Medio e do Grao Superior da ensinanza a distancia,
- dos módulos profesionais de Formación Profesional Dual,
- unha previsión dos módulos profesionais atribuídos a cada especialidade na oferta modular,
- o módulo profesional de lingua estranxeira,
- o módulo profesional de segunda lingua estranxeira.

Cuarto. Completar horario.

Cando o persoal funcionario docente non poida completar o seu horario lectivo impartindo docencia nas materias, ámbitos ou módulos profesionais atribuídos á súa especialidade no Real Decreto 1834/2008 do 8 de novembro, en aplicación do artigo 8 da Orde do 23 de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, completará o seu horario impartindo docencia noutras materias ou módulos profesionais, coa seguinte prioridade:

- 1.- Materias ou ámbitos atribuídos a outra especialidade da que sexa titular.
- 2.- Materias ou ámbitos para os que teña atribuída competencia docente, de conformidade co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1834/2008 do 8 de novembro, modificado polo Real decreto 665/2015 do 17 de xullo.
- 3.- Materias atribuídas a unha especialidade á que tería acceso en función dalgunha titulación que se posúa, de conformidade coa orde pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- 4.- Outras materias que a xefatura de estudos determine, segundo a organización do centro
- 5.- En relación cos módulos profesionais resultará de aplicación o artigo 20 do Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, e o artigo 30 do Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo de Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

Quinto- Os criterios que figuran no punto 1 serán de aplicación, coas necesarias adaptacións, ás demais especialidades docentes das ensinanzas de réxime especial.

Como saber que prazas teñen que saír a concurso?

Primaria Infantil, E. Especial

En Infantil e Primaria están catalogadas. Consulta a información sobre os catálogos de cada centro na nosa web: www.cig-ensino.gal

Secundaria, FP, EOI, CMUS e EEAA

Consulta os criterios incluídos nestas páxinas, ratificados pola comisión técnica negociadora no CXT do curso 2018/19 e que seguen vixentes este ano.

A CIG-Ensino recollerá e revisará todas as solicitudes de prazas que nos fagades chegar desde os centros, contrastando as vacantes adjudicadas no CADP e que cumpran cos criterios para converterse en definitivas.

Así, en canto teñamos as vacantes provisionais remitirémollas a todos os centros e á afiliación para poder levar unha proposta fundamentada ás negociacións nas Xuntas de Persoal.

CIG Confederación Intersindical Galega

Ensino Público | Universidade | Ensino Privado | Lingua | Mulleres | Laicidade | Lexislación | Formación | Publicacións

CIG ENSINO / ENSINO PÚBLICO / CONCURSOS E CONVOCATORIAS / CONCURSO DE TRASLADOS DE MESTRES

Concurso de traslados de mestres

05 Out 2020

Concurso Xeral de Traslados Mestres 2020-2021

Ligazón á páxina web de participación no CXT

Catálogo completo actualizado, con centros de xornada única e de especial dificultade.

Información da Mesa Sectorial

Vacantes e prazos

Solicitudes da CIG-Ensino

◀▶ **O Concurso Xeral de Traslados 2020/21 ten carácter estatal.** Isto pode ter incidencia nos postos de traballo de persoal interino de especialidades nas que non temos en Galiza funcionariado de carreira. **Solicitamos que nestas especialidades non se oferten inicialmente prazas** (especialidades de EOI, réxime especial, FP, etc...)

◀▶ **Que se oferten todas as prazas realmente existentes.** Sabemos que moitas delas non se acaban cubrindo polo reducido número de funcionariado de carreira mais quen queira moverse ten dereito a poder ir a todas as prazas. Este problema destaca en FP.

◀▶ **O CXT segue a ser un concurso a cegas.** Logo da mellora na oferta de prazas nestes últimos cursos non debería haber “problemas” para

que as vacantes provisionais se publiquen antes da data de remate de presentación de instancias.

◀▶ **Prazas habilitadas por desdobres en Infantil e Primaria.** Queremos que a Dirección Xeral faga un informe sobre as 144 aulas desdobradas neste curso, xa que en moitos casos deberían dar lugar a un incremento do catálogo e demandamos que teña efectos xa neste concurso.

◀▶ **Itinerancias de PT ou AL en IES.** Por segundo ano figura no borrador que poden existir prazas itinerantes de PT e AL nos IES o que, aos efectos do CXT, non é correcto. Non existe ningunha praza catalogada de AL, nin compartida nin sin compartir, e as únicas prazas de PT compartidas son de colexios de primaria. Debe retirarse a referencia a IES.

◀▶ **Prazas de oficio en Centros**

de Educación Especial. Do mesmo xeito que non se adxudican de oficio as prazas de CEE para PTFP, nin se entenden como incluídas no código da localidade, solicitamos este mesmo tratamento para o profesorado do corpo de mestres de especialidades diferentes a PT e AL (a día de hoxe hai catalogadas prazas de EM e EF en varios CEE).

◀▶ **Prazas nos CRAs.** Pedimos que todas as prazas dos CRAs sexan itinerantes a efectos do concurso de traslados.

◀▶ **Prazas de mestres na ESO.** Solicitamos que se nos envíe unha relación das prazas actualmente ocupadas por profesorado do corpo de mestres nos diferentes IES e CPI do país. Finalmente a Consellaría proporcionounos eses datos para que o persoal deste colectivo coñeza a que prazas ten dereito a concursar.

Negociación das vacantes

Reiteramos a nosa solicitude de que se fixe un calendario de xestión e negociación das vacantes:

- Fixar unha data para que as direccións entreguen a solicitude de prazas para o CXT á inspección educativa.
- Fixar unha data para que as catro xefaturas de inspección fagan entrega da proposta de vacantes ás OO.SS. de cada xunta de persoal (XP).
- Estabelecer datas para negociar as vacantes nas XP

- A data de publicación das vacantes provisionais debe coincidir coa publicación do CXT e, en todo caso, ser antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A experiencia do ano pasado non foi tan boa como a do anterior. Houbo algunha xefatura de inspección que mellorou ao respecto de outras convocatorias mais ao final non houbo, como solicitamos, a reunión final coa Dirección Xeral.

O curso excepcional no que estamos, con algunhas prazas adxudicadas no CADP que non van saír no CXT, vai facer máis difícil un control serio.

De aí que insistamos en que se actúe con rigor e con toda a información nas Xefaturas Territoriais e que haxa, se así o demandamos os sindicatos, unha reunión final nos servizos centrais.

Outras cuestións xerais

◀▶ Adxudicación de oficio.

Logo da mellora introducida hai dous concursos (non se adxudican de oficio prazas itinerantes nin con perfil bilingüe), seguimos a reclamar que a colocación de oficio debería estar limitada á especialidade pola que se opositou.

◀▶ Comisión de avaliación.

- Demandamos que o ámbito xeográfico da comisión de avaliación se estenda fóra da cidade de Compostela.
- Non debe haber nomeamento a dedo e todos deben ser a sorteo.
- Como nos tribunais das oposicións, debe autorizarse a renuncia se se formou parte da comisión nos últimos 4 anos.
- Solicitamos que os membros das comisións sexan substituídos desde o primeiro día no seu centro de destino.

◀▶ Número de prazas

solicitadas. A Consellaría ou non fixo xestións en todos estes anos ou non entendemos porque os CXT de ámbito estatal non amplían a 400 ou 500 as prazas que se poden solicitar. Isto implica que o profesorado que aínda é provisional ou está na 1ª definitiva e fai moitas solicitudes teña que andar pendente ano tras ano (este ano volven ser 300)

◀▶ Sistema de petición de vacantes diferente ao CADP.

Como no caso do número de prazas debería existir un sistema de petición igual ao de CADP (a mesma petición dun único centro para a praza limpa, con perfil bilingüe e con itinerancia, reducindo deste xeito o número total de peticións). Trasláduselle ao Ministerio esta proposta?

◀▶ Prazas plurilingües.

Reclamamos que as prazas plurilingües non saian a

concurso pois son un mecanismo anormal para mellorar a colocación e adquirir unha praza definitiva. A provisión destas prazas debe ser como prazas ordinarias. Se se teñen que impartir áreas ou materias con ese perfil debe facerse tendo en conta ao profesorado de cada centro, se existe con esas características con destino definitivo e, de non ser así, con destinos provisionais. Atopámonos con prazas que son con perfil bilingüe para impartir tan só unha parte mínima do horario do profesorado. Cal é o límite de prazas que se ofertan con perfil bilingüe nun centro plurilingüe cando no catálogo non figuran? Todo conduce á improvisación e á discrecionalidade. A base 12ª di que para acceder ás prazas dos centros plurilingües hai que ter un B2 mais non se identifican que prazas hai en cada centro, polo que non existe ningún control sobre estas prazas.

Lingua

Como apuntamos ao falar do carácter estatal do CXT deste ano, desde a CIG-Ensino demandamos que **todas as especialidades de todos os corpos teñan perfil lingüístico galego**, co obxectivo de garantir que o profesorado teña as competencias necesarias para desenvolverse no noso idioma.

Esta medida beneficia a todo o profesorado con destino en Galiza, xa que cumpre con ese requisito e garante que quen entre o faga en igualdade de condicións. A día de hoxe só as especialidades de Infantil e Primaria do Corpo de Mestres e Historia e Bioloxía de secundaria,

así como todas as específicas da FP piden este requisito. Hai dous anos aceptouse para cátedras de música e artes escénicas. É obvio que non estendelo a todas as demais é unha clara incongruencia.

Levamos anos solicitando que se valore como mérito a impartición de aulas en galego así como dispoñer de titulacións ou formación de nivel superior na nosa lingua. Comunidades como o País Valenciá outorga até 5 puntos por un nivel C2 da súa lingua. Navarra dá 3 puntos.



A admistración limitouse a avanzar as datas de participación do concurso e deixou claro que non ía facer ningunha modificación con respecto ao texto da Orde.

Propostas da CIG-Ensino sobre o baremo

◀▶ **Queremos máis puntuación polo desempeño doutros cargos docentes.** Buscamos un baremo máis xusto. Como non se atende a nosa demanda de reducir méritos só nos queda como opción ampliar as posibilidades de acadar méritos no apartado doutros cargos docentes, o máis común a todo o profesorado, xunto coa formación. Esta puntuación está limitada: son só 5 puntos, fronte aos 20 por cargo directivo. Queremos reforzar o papel da función docente e non só, como até agora, o da xestión. Unha directora acada 20 puntos en 5 anos, un xefe de estudos precisa 8 anos para chegar a eses 20 puntos. Un titor, un xefe de departamento, unha coordinadora só poden sumar 5. **Demandamos que a Consellaría levante a limitación para o apartado 4.3 (outras funcións docentes), de tal forma que todo o mundo poida acadar os 20 puntos.**

Tamén debería puntuarse a substitución de cargos directivos e coordinación de ciclos ou xefaturas de departamentos. É un aspecto totalmente discriminatorio e inxusto.

◀▶ **Apartado 1.2. Antigüidade no corpo.** Consideramos que é discriminatorio que ao profesorado de linguas do corpo de PES que impartiu nas EOI non se lle puntué debidamente cando tivo que facelo obrigatoriamente. Creemos que hai marxe legal para puntuar a un PES que, desde as listas dese corpo, traballou nunha EOI. Este ano este criterio da Consellaría serviu mesmo para denegar unha permuta entre dúas persoas do corpo de PES só porque unha obtivo destino provisional nunha EOI.

◀▶ **Responsábeis de centros de menos de 3 unidades.** Que se articule unha solución para que se teña en conta a puntuación que merecen estas persoas responsábeis.

◀▶ **Que se recolla a puntuación do nivel básico das EOI e o Grao elemental de música.**

◀▶ **Apartado 3.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios.**

Entendemos que debe indicarse, como noutros apartados, que a puntuación é por “cada” mestrado, doutoramento. Entende a Consellaría que a redacción do RD limita esa puntuación? Nós entendemos que non e que a limitación só procede da puntuación de cada apartado e non do número de mestrados. Obsérvase a incoherencia. Por dous niveis C1 da EOI súmanse 6 puntos. Por dous mestrados o mesmo que por un, 3 puntos.

◀▶ **Apartado 3.1.3.(DEA) debería ter a mesma puntuación que os mestrados, pois están equiparados.**

◀▶ **Apartado 5. Formación:** que se teñan en conta as actividades de contidos de lingua e cultura galega.

◀▶ **Apartado 6. Outros méritos. Puntuación de composicións.** O ano pasado díxosenos nesta mesma Mesa que se estaba á espera dunha reunión co MEFP para revisar todo o relacionado coas publicacións e composicións. Queremos saber se o que solicitamos con anterioridade se vai ter en conta. En concreto:

- Deben terse en conta tanto as composicións estreadas como as publicadas e ter claros os requisitos en ambos casos, xa que hai tanto estreadas publicadas como non publicadas. Debe garantirse que se poida puntuar todo mérito artístico e fixar criterios claros. No caso das publicadas debe esixirse o ISMN como nas publicacións.
- Reiteramos que hai que buscar unha solución para

as publicacións feitas no estranxeiro, porque se cadra non teñen Depósito Legal ou ISBN e non se están puntuando. Non parece axeitado excluílas. Debe esixirse o requisito equivalente en cada país.

- Incluír neste apartado os méritos de Arte Dramática e Audiovisuais. Tamén hai problemas co material do proxecto Abalar e non se lle valora a quen os elabora.

◀▶ **Apartado 6.4. Servizos prestados á Administración.** Debe eliminarse do baremo así como a puntuación pola condición de catedrático/a.

◀▶ **Apartado 6.5. Participación nos tribunais.** Non parece axeitado que se considere esta puntuación a quen ocupou a presidencia, porque foi a dedo. Que sexa igualmente a sorteo para que se lle poida ter en conta.

◀▶ **Apartado 6.6. Titorías de mestrados:** débese regular o acceso a elas nos propios centros para que, se hai varias persoas que queiran acceder a esa situación, todas poidan ter ese dereito.

Novo apartado 6.7. Coñecemento da lingua galega: hai comunidades con lingua propia que teñen desenvolvido este apartado. En Navarra pódense acadar 3 puntos; no País Valenciá 5 puntos. Potenciemos a formación de calidade na nosa lingua entre o profesorado e incorporemose ese recoñecemento nos méritos do CXT.

◀▶ **Disposición complementaria 2ª.** Non se introduciu ningún cambio na puntuación dos mestrados, deixando fóra os propios das universidades. Deberían puntuarse sempre que cumpran cos requisitos legais fixados no RD 1393/2007. Este é outro tema que se debería tratar na Comisión de Persoal do MEFP.



INFÓRMATE dos dereitos que che corresponden como persoal docente
AFÍLIATE para a estar ao día de toda a información e para sermos máis fortes á hora de negociar melloras nas nosas condicións de traballo.



Datos de interese relativos ao concurso

Profesorado de Ensino Secundario

Código	Nome	Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2019	Prazas adxudicadas en 2019	Profesorado en expectativa	Profesorado desprazado e suprimido
590001	Filosofía	0,0000	39	4	1
590002	Grego	72,6490	3	1	0
590003	Latín	45,5660	7	0	0
590004	Lingua Castelá e Literatura	17,2330	67	96	1
590005	Xeografía e Historia	11,8830	62	80	0
590006	Matemáticas	14,2330	99	151	0
590007	Física e Química	12,2660	52	57	0
590008	Bioloxía e Xeoloxía	11,1330	54	63	2
590009	Debuxo	25,1330	19	1	0
590010	Francés	0,0000	46	31	0
590011	Inglés	20,2330	121	91	0
590012	Alemán	SenAdx.	0	0	0
590015	Portugués	0,0000	4	0	0
590016	Música	67,2490	42	11	1
590017	Educación Física	18,0500	14	54	5
590018	Orientación Educativa	24,5170	20	0	0
590019	Tecnoloxía	25,3990	28	87	1
590053	Lingua e Literatura Galega	13,5830	95	77	1
590061	Economía	0,0000	59	16	0
590101	Administración de Empresas	0,0000	33	18	0
590102	Análise e Química Industrial	SenAdx.	0	0	0
590103	Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal	14,7160	3	0	0
590104	Construcións civís e Edificación	SenAdx.	0	0	0
590105	Formación e Orientación Laboral	0,0000	44	4	1
590106	Hostalería e Turismo	20,9990	4	0	0
590107	Informática	25,8330	13	21	0
590108	Intervención Sociocomunitaria	13,2830	3	5	0
590109	Navegación e Instalacións Mariñas	SenAdx.	0	0	0
590110	Organización e Xestión Comercial	3,9000	2	0	0
590111	Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	0,0000	16	2	0
590112	Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica	0,0000	12	4	0
590113	Organización e Proxectos Sistemas Enerxéticos	SenAdx.	0	0	0
590115	Procesos de Producción Agraria	64,2830	1	0	0
590116	Procesos na Industria Alimentaria	0,0000	12	0	1
590117	Procesos de Diagnóstico Clínico e P. Ortoprotésicos	78,7530	1	0	0
590118	Procesos Sanitarios	79,3330	2	0	0
590119	Procesos e Medios de Comunicación	SenAdx.	0	0	0
590120	Procesos e produtos de textil, Confección e Pel	SenAdx.	0	0	0
590122	Procesos e produtos de Artes Gráficas	SenAdx.	0	0	0
590123	Procesos e Produtos de Madeira e Moble	SenAdx.	0	0	0
590124	Sistemas Electrónicos	0,0000	4	11	0
590125	Sistemas Electrotécnicos e Automáticos	SenAdx.	0	9	0

Profesorado Técnico de FP

Código	Nome	Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2019	Prazas adjudicadas en 2019	Profesorado en expectativa	Profesorado desprazado e suprimido
591201	Cociña e Pastelería	9,5000	8	0	0
591202	Equipamentos Electrónicos	9,2000	7	0	0
591204	Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble	62,5000	6	0	0
591206	Instalacións Electrotécnicas	0,0000	19	16	0
591208	Laboratorio	40,4830	1	0	0
591209	Mantemento de Vehículos	0,0000	24	5	0
591211	Mecanizado e Mantemento de Máquinas	0,0000	16	1	0
591216	Operacións de Producción Agraria	10,0830	7	10	0
591218	Perrucaría	0,0000	13	0	0
591220	Procedementos Sanitarios e Asistenciais	90,2990	1	0	1
591222	Procesos de Xestión Administrativa	0,0000	47	1	0
591225	Servizos á Comunidade	27,8670	2	1	0
591226	Servicios de restauración	22,9660	3	3	0
591227	Sistemas e Aplicacións Informáticas	124,0670	1	0	0
591228	Soldadura	81,6170	3	0	0

Profesorado de Música e Artes Escénicas

Código	Nome	Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2019	Prazas adjudicadas en 2019	Profesorado en expectativa	Profesorado desprazado e suprimido
594408	Fagot	57,3330	1	0	0
594410	Frauta travesa	72,5000	2	0	0
594414	Guitarra	22,6660	2	0	0
594423	Piano	0,0000	8	1	0
594427	Trompa	78,2170	1	0	0
594437	Danza contemporánea	62,4660	1	0	0
594460	Linguaxe musical	0,0000	11	0	0

Profesorado de Escolas Oficiais de Idiomas

Código	Nome	Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2019	Prazas adjudicadas en 2019	Profesorado en expectativa	Profesorado desprazado e suprimido
592011	Inglés	35	0	0	0

NOTA:

Nestes cadros só figuran aquelas especialidades nas que se adjudicaron prazas no CXT de 2019, nas que hai profesorado en expectativa ou desprazado ou nas que hai profesorado en prácticas.

Mestres/as





Código	Nome	Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2019 (1)	Prazas adjudicadas en 2019	Profesorado en expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido CXT e CADP (2)
597031	Educación Infantil	0,0000	291	2	33
597032	Idioma Estranxeiro: Inglés	11,2660	86	62	4
597033	Idioma Estranxeiro: Francés	0,0000	57	0	1
597034	Educación Física	0,0000	75	11	4
597035	Música	0,0000	89	1	2
597036	Educ. Especial: Pedagogía Terapéutica	0 / 17,983	106	113	14
597037	Educ. Especial: Audición e Linguaxe	16,249 / 22,166	42	106	7
597038	Primaria	15,4820	454	377	38

(1) Na puntuación mínima recóllese a puntuación das prazas con perfil lingüístico ou intinerancia, así como as de adjudicación ordinaria.

(2) Datos extraídos tanto da orde que resolve o Concurso Xeral de Traslados do curso 2019/2020 (especialidade de supresión) como da adjudicación do CADP para o curso 2020/2021 (especialidade pola que foron adjudicados/as de xeito provisional para este curso).

Hai que ter en conta que o persoal suprimido ou desprazado pode pedir prazas no concurso de todas as especialidades da que sexa titolare ou teña habilitación.

Lembra que...

-  O feito de cubrir a instancia a través da internet non exime da obrigatoriedade de presentala por rexistro.
-  As solicitudes do concurso poden presentarse nas secretarías dos centros.
-  As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán facelo aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva e esta é irrenunciábel.
-  Renunciar ao concurso implica a todos os efectos non ter participado nel. Isto deben telo en conta as persoas que teñan pensado solicitar algunha comisión de servizos (concilia e saúde) para a que é requisito ter participado no CXT.



The screenshot shows the CXT application interface. On the left is a dark sidebar menu with 'Inicio' and 'Listaxes concurso'. The main content area is light blue and titled 'Inicio'. It contains the following text:

Aplicativo do Concurso Xeral de Traslados 2019 - 2020

Para ver o manual de usuario da aplicación. [Prema aquí.](#)

Para acceder á información relacionada co concurso xeral de traslados. [Prema aquí.](#)

Para acceder á información relacionada co concurso de traslados de orientación. [Prema aquí.](#)

(06/02/2020) [Publicación da resolución provisional dos concursos de secundaria, inspección, prim](#)

O prazo, tanto para as reclamacións, como para as renuncias será:

Dúbidas máis frecuentes sobre a participación no concurso

§ Participación: para participar no concurso é preciso crear unha instancia (ou ben desde cero, ou unha copia da última validada ou unha copia da entregada no concurso anterior). No suposto de participar por máis dun corpo deberá presentarse unha por cada corpo que participe.

§ Tipos de praza polos que se participa: deberán indicarse por orde todas as especialidades das que se é titular. No caso de non cubrirse todas, engadiranse automaticamente na orde por defecto.

§ Dereito preferente a centro e/ou localidade/zona: se se exercen estes dereitos hai que cubrir o centro e a localidade respectivamente (a zona é opcional), o suposto polo que se exerce (como nos supostos de supresión ou modificación da praza ou posto, por desprazamento do centro por insuficiencia de horario ou por adquisición de novas especialidades, entre outros) e os tipos de praza por orde de preferencia. Deben consignarse as especialidades das que se é titular ou para as que se está habilitada. De indicarse vernáculo ou bilingüismo débese estar en posesión dese perfil e que este pertenza á especialidade escollida. É obrigatorio indicar se a praza que se solicita é itinerante ou non.

§ Participación forzosa: de non obter destino nos centros ou localidades solicitados voluntariamente pero a participación teña carácter forzoso, como no caso de funcionariado en prácticas ou en expectativa de destino, poderá adxudicarse de oficio se hai vacantes libres. Ante esta situación hai varios condicionantes que o profesorado solicitante pode determinar como:

- Renuncia ao baremo (agás ao apartado da antigüidade)
- Subdireccións (indicar as provincias por orde de preferencia para a adxudicación de oficio)
- Tipos de praza (especialidades nas que se está habilitada por orde)
- Vernáculos
- Bilingüismo

§ Peticións: No caso exercer o dereito preferente a localidade é obrigatorio indicalo expresamente e agrupar nas primeiras posicións da táboa estas peticións. Para as peticións voluntarias, é obrigatorio indicar se son itinerantes ou non. Se se escolle itinerancia ou bilingüismo debe facerse a mesma petición "limpa" sen estes condicionantes, a diferenza do que acontece no CADP.

§ Validación: unha vez comprobada a instancia, procederase á súa validación. É preciso realizar este paso para poder imprimila e presentala en rexistro. Unha vez validada non se poderá modificar pero pode crearse unha nova a partir desta. A instancia que se considerará válida é a última entregada por rexistro.

§ Baremo: cada apartado do baremo está detallado polo que, se se considera que hai erros de puntuación nos méritos, poderá presentarse unha alegación a partir da ligazón que hai na primeira páxina da aplicación indicando por escrito a disconformidade en cada apartado. Unha vez cubertas é necesario imprimir o PDF das Alegacións e entregalas xunto coa instancia e o PDF do baremo.

§ Datos persoais: cando un mérito non figure ou figure de forma incorrecta en datos persoais e, polo tanto, non estea incluído no baremo do CXT é preciso presentar alegacións a través da aplicación de Datos Persoais (www.edu.xunta.es/datospersoais) e entregala, xunto coa documentación acreditativa, co resto de documentación do concurso.

§ Reclamacións e renuncias: a medida que se vai realizando a valoración das instancias poderán consultarse na aplicación e formular reclamacións se non se está de acordo. Unha vez publicada a resolución provisional abrirá o prazo oficial de reclamacións e renuncias durante dez días hábiles que deberán tramitarse a través da aplicación e presentarse a través dos mesmos órganos para a entrega de instancias.

§ Toma de posesión: o profesorado deberá remitir á xefatura territorial da provincia na que obtivo o novo destino, antes do 1 de setembro de 2021, a documentación requirida para a súa toma de posesión pero, aínda que esta será a data de efectividade administrativa, terá que acudir ao seu centro de orixe ata dar por finalizadas as súas obrigas no curso en vigor.

Baremo a aplicar no

1. Antigüidade

1.1. Antigüidade no centro

SUBPARTADO	Puntuación
1.1.1. Permanencia ininterrompida como persoal funcionario con destino definitivo no centro	
Primeiro e segundo anos	2 puntos/ano
Terceiro ano	4 puntos
Cuarto ano e seguintes	6 puntos/ano
1.1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade	2 puntos
1.1.3. Por cada ano como persoal funcionario en praza, posto ou centro de especial dificultade	2 puntos

1.2. Antigüidade no corpo

SUBPARTADO	Puntuación
1.2.1. Servizos efectivos como persoal funcionario no corpo ou corpos aos que corresponda a vacante	2 puntos/ano
1.2.2. Servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes do mesmo ou superior subgrupo	1,5 puntos/ano
1.2.3. Servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes de subgrupo inferior	0,75 puntos/ano

2. Pertenza aos corpos de cátedras

SUBPARTADO	Puntuación
Por ser funcionario/a de carreira dos corpos de catedráticos de secundaria, música e artes escénicas, escolas oficiais de idiomas e artes plásticas e deseño	5 puntos

3. Méritos académicos (max. 10 puntos)

3.1. Doutoramento, posgraos e premios e extraordinarios

SUBPARTADO	Puntuación
3.1.1. Título de doutor	5 puntos
3.1.2. Título universitario oficial de máster distinto do requerido para o ingreso na función pública (polo menos 60 créditos)	3 puntos
3.1.3. Suficiencia investigadora ou diploma de estudos avanzados	2 puntos
3.1.4. Premio extraordinario de doutoramento, licenciatura ou grao, ou no caso das titulacións dos conservatorios, mención honorífica no grao superior	1 punto

3.2. Outras titulacións universitarias

SUBPARTADO	Puntuación
3.2.1. Titulacións de grao	5 puntos
3.2.2. Titulacións de primeiro ciclo	3 puntos
3.2.3. Titulacións de segundo ciclo	3 puntos

3.3. Titulacións de ensinanza de réxime especial e da FP

SUBPARTADO	Puntuación
Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa	4 puntos
Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa	3 puntos
Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa	2 puntos
Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa	1 punto
Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior ou técnico superior de FP	2 puntos
Por cada título profesional de música e danza	1,5 puntos

4. Cargos directivos e outras funcións (max. 20 puntos)

SUBPARTADO	Puntuación
4.1. Director/a	4 puntos/ano
4.2. Vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos, secretario/a	2,5 puntos/ano
4.3. Outras funcións docentes Por cada ano como coordinador/a de ciclo, do proxecto Abalar, de centro plilingüe, de sección bilingüe, de auxiliares de conversa, responsable/coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares, das dinamizacións das TIC, de biblioteca, da convivencia escolar, da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, do ENDL, da FCT, do bacharelato internacional, xefe/a de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor/a de formación permanente, asesor AMTEGA, asesor/a Abalar, asesor/a Siega, asesor/a da Consellería de Cultura ou director/a dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica, así como polo desempeño da función titorial exercida a partir da entrada en vigor da LOE. As fracción de ano computarase a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.	Até 5 puntos 1 punto/ano

5. Formación e perfeccionamento (max. 10 puntos)

SUBPARTADO	Puntuación
5.1. Actividades de formación superadas Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo ao que pertenza o/a participante, ás prazas ou postos aos que opte ou relaciónadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polo Ministerio de Educación, as administrativas educativas das Comunidades Autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Puntuaranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	Até 6 puntos
5.2. Impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas no 5.1. Puntuarase con 0,1 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditadas. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	Até 3 puntos
5.3. Por cada especialidade da que se sexa titular do corpo polo que se concursa e distinta á de ingreso no mesmo	1 punto

Concurso de Traslados

6. Outros méritos (max. 15 puntos)

6.1. Publicacións (até 8 puntos)

Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, de 2 de novembro modificado polo Real Decreto 2063/2008 de 12 de decembro ou, no seu caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en as que o autor sexa o editor das mesmas.

Para a valoración destas publicacións deberán presentar os documentos xustificativos coas esixencias indicadas na convocatoria.

SUBPARTADO	PUNTAUACIÓN
a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico)	Até 8 puntos
Autor	Até 1 pto
Coautor	Até 0.5 ptos
3 autores	Até 0.4 ptos
4 autores	Até 0.3 ptos
5 autores	Até 0.2 ptos
Máis de 5 autores	Até 0.1 ptos
b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico)	
Autor	Até 0.2 ptos
Coautor	Até 0.1 ptos
3 ou máis autores	Até 0.05 ptos
<p>DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</p> <p>- No caso de libros, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas. * Certificado da editorial onde conste: Título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data primeira edición, o número de exemplares e que a difusión dos mesmos foi en librerías comerciais. En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en librerías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesorado, institucións culturais, etc.) Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p> <p>- No caso de revistas, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas * Certificado no que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición. En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.) - No caso de documentos en formato electrónico, para seren valorados deberán ir acompañados por un informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indicaranse ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/es, data da publicación e a URL. Ademais presentaranse un exemplar impreso.</p>	

Disposición complementaria primeira

A TER EN CONTA

Os méritos alegados polas persoas participantes teranse cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes.

6.2. Premios en investigación ou innovación (máx. 2,5 puntos)

SUBPARTADO	PUNTAUACIÓN
Por premios de ámbito galego, estatal ou internacional convocados polo Ministerio de Educación ou polas administracións educativas das comunidades autónomas en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación, ou pola participación nestes proxectos.	Até 2,5 puntos
DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	
A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes, expedida polas entidades convocantes, ou ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola administración educativa correspondente.	

6.3. Méritos artísticos e literarios (máx. 2,5 puntos)

SUBPARTADO	PUNTAUACIÓN
	Até 2,5
- Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito galego, estatal ou internacional.	No caso dos premios: certificado da entidade que emite o premio, onde conste o nome dos/as premiados/as, o seu ámbito e a categoría do premio.
- Por composicións ou coreografías estreadas como autor/a ou gravacións con depósito legal.	No caso das composicións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é o auto/ar e o seu depósito legal.
- Concertos como director/a, solista, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos...)	No caso das gravacións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é o autor/a ou intérprete e o seu depósito legal. No caso dos concertos: programas onde conste a participación do/a interesado/a e certificación da entidade organizadora, onde conste a realización do concerto e a participación como director, solista ou solista con orquestra/grupo.
- Por exposicións individuais ou colectivas.	No caso de exposicións: programas onde conste a participación do/a interesado/a e certificación da entidade organizadora.

6.4. Postos administración educativa

SUBPARTADO	PUNTAUACIÓN
Por cada ano de servizo desempeñando postos na administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que participa. (A fracción de ano computarase 0,12 por mes)	1,5 puntos

6.5. Membros de tribunais

SUBPARTADO	PUNTAUACIÓN
Membro de tribunal dos procedementos selectivos de ingreso ou acceso aos corpos docentes a que se refire a LOE.	0,5 puntos/ano

6.6. Titorización de alumnos

SUBPARTADO	PUNTAUACIÓN
Titoría das prácticas do título universitario oficial de máster para acreditar a formación pedagóxica e didáctica esixida para exercer a docencia en determinadas ensinanzas do sistema educativo, así como pola titoría das prácticas para a obtención dos títulos universitarios de grao que o requiran.	0,1 puntos/ano

CURSOS 2020-21 FORMACIÓN



CURSOS A DISTANCIA

DO 21 DE SETEMBRO AO 15 DE OUTUBRO

- ▶ Orientacións para o manexo na aula virtual Moodle.
- ▶ Os centros educativos no marco da acción educativa española no exterior.
- ▶ Identificación dixital e sedes electrónicas. CXT, CADP, comisións por conciliación e saúde: guías para a participación telemática.

DO 20 DE OUTUBRO AO 12 DE NOVEMBRO

- ▶ Aproveitamento dos modelos semipresenciais para o ensino en liña: blended learning e ferramentas tecnolóxicas.
- ▶ Deseño e elaboración dunha programación e dunha unidade didáctica para a ESO.
- ▶ A COVID-19 e a saúde laboral. Prevención de riscos no ensino.

DO 17 DE NOVEMBRO AO 11 DE DECEMBRO

- ▶ Avaliando sen saír da casa: como realizar a avaliación do alumnado dende a distancia.
- ▶ Atención á diversidade: chaves para a inclusión educativa.
- ▶ Deseño e elaboración dunha programación e dunha unidade didáctica para FP.

DO 12 DE XANEIRO AO 2 DE FEBREIRO

- ▶ Uso de Youtube e o vídeo interactivo con Edpuzzle para as aulas a distancia.
- ▶ Recursos prácticos para desenvolver a acción tutorial.
- ▶ O Tratamento Integrado de Linguas desde unha perspectiva comunicativa e normalizadora.

DO 4 AO 24 DE FEBREIRO

- ▶ Uso de Podcast na aula. Metodoloxía e actividades.
- ▶ Historia de Galiza. Unha revisión necesaria.
- ▶ A lectura dramatizada como recurso didáctico.

DO 2 AO 26 DE MARZO

- ▶ Creación de vídeos. Videotutoriais.
- ▶ Diversidade afectivo-sexual nos centros educativos: coñecer para visibilizar e acompañar.
- ▶ Portugués inicial para docentes.



DO 7 AO 29 DE ABRIL

- ▶ Manexo e metodoloxía de ferramentas dixitais de textos e de audio.
- ▶ Letras Galegas 2021.
- ▶ Introducción á metodoloxía das bibliotecas viventes.

DO 4 AO 26 DE MAIO

- ▶ A música e o conto como recursos da educación emocional.
- ▶ A importancia da estimulación da creatividade no ensino: a imaxe como medio.

CURSOS PRESENCIAIS



▶ Paseos Pedagóxicos de Vigo 2020: Orixes. Panoramas e escenas da historia da Terra.	12, 16, 19, 23 e 26 de setembro	Vigo
▶ XXXII Semana da Educación de Pontevedra.	Do 21 ao 25 de setembro	Pontevedra
▶ Ricardo Carvalho Calero. XXVIII Xornadas de Lingua e Literatura.	24 de outubro	Compostela
▶ II Xornadas de Normalización Lingüística.	23 de xaneiro	
▶ XXIII Xornadas de Educación Infantil.	27 de febreiro	
▶ XVIII Xornadas das Mulleres.	6 de marzo	
▶ II Xornadas de Atención á Diversidade.	17 de abril	A Coruña
▶ XXIX Xornadas de Lingua e Literatura.	24 de abril	Compostela

LIGAZÓNS PARA MATRICULARSE:
www.as.pg.gal e www.cig-ensino.gal, apartado de formación